SOLUCIÓN DO RETO 3 DO REA 1 CANTO COSTA UNHA CASA?

Reto 3

O reto 3 apártase do que é o reto final para tratar outro tema. O alumnado deberá realizar unhas operacións sinxelas con números de ata 6 cifras, pero tamén deberá facer unha pequena investigación sobre que motivos pode haber para que un banco teña pisos ou edificios en propiedade.

Na investigación deberán concluír que cando os debedores dos bancos non pagan o que deben, estes quedan co ben hipotecado e isto dáse cos particulares e coas empresas. Pódeselles informar, tamén, de que a xente pode quedar sen a súa vivenda e por riba ter que seguir pagando ao banco.

No problema que se lles propón teñan que multiplicar o importe de venda de cada inmoble (150.000€) polo número de inmobles (30). Por tanto o beneficio pola venda de todos eles será de 4.500.000€.

Como vai pagar 2.300.000€ para rematalos, o beneficio da operación será:

$$4.500.000 - 2.300.000 = 2.200.000€$$

Por tanto o banco gañará cartos coa operación.

"Solución RETO 3 do REA 1 "Canto custa unha casa?", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0